



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de decembro de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1116).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión acta da sesión ordinaria do 16 de decembro e extraordinaria e urxente do 20 de decembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1117).- BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2022. EXPTE. 228689/301.

Visto o informe xurídico do 09/12/2021 e o informe de fiscalización do 20/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 07/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, mediante Resolución de data 02.12.2021 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2022», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Base nº 38 e ccdtes. das de execución dos orzamentos municipais). O outorgamento destas axudas sociais de emerxencia realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional dos/as traballadores/as sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricta suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco xurídico definido pola normativa aplicable ás subvencións/axudas públicas e as Bases de execución do orzamento xeral municipal.

V. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue:

«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».

Así as cousas, enténdese que estas axudas de emerxencia municipais participarían desa natureza “asistencial” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico xeral de referencia.

VI. Polo demais, o contido deste Programa é moi semellante ó dos exercicios anteriores. Incrementáanse para o 2022 as contías máximas mensuais en concepto de alimentos e de alugueiro e tamén as contías máximas por todos os conceptos así como o importe máximo das axudas individuais para a adaptación dos fogares, que pasa de 3.000€ a 12.000€, por vivenda/ano (Base sétima).



Concello de Vigo

VII. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (1.125.000€) e tamen no funcional 2310 cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000€), con cargo á que se veñen concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

VIII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

IX. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2022», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 228689/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.125.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2022 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de anuncios e editos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DO «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE
EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2022»

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.



Concello de Vigo

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2022, no marco xurídico definido na normativa reguladora aplicable e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas axudas sociais, dentro das Bases de execución orzamentaria.

O Concello de Vigo continuará na senda de apoio directo ás familias, con medidas complementarias das adoptadas polas demais Administracións competentes e, nesta edición das axudas contra desafiuzamentos e de emerxencia social, terá especialmente en conta os efectos e o impacto social que a pandemia sanitaria provocada pola COVID-19 teñen provocado na poboación máis vulnerable.

Esta situación obrigou ós servizos sociais a adaptar o seu funcionamento e xestión á actual situación de emerxencia sanitaria e social poñendo en marcha novos servizos, máis recursos e novas solucións a situacións sobrevidas co fin último de detectar e atender as novas situacións de emerxencia social ou o agravamento das xa existentes.

Incrementáanse, por terceiro ano consecutivo, os importes máximos mensuais polos conceptos de alimentos e alugueiro e as contías máximas por todos os conceptos, para atender mellor ás necesidades das persoas e familias beneficiarias. Incrementábase tamén o importe máximo das axudas individuais para a adaptación dos fogares, que pasa de 3.000€ a 12.000€, por vivenda/ano.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas (RISGA, PNC, IMV, desemprego, outras prestacións) que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2021 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 802.003,19 € co seguinte detalle (datos a 02.12.2021).

IMPORTES	CONCEPTOS
587.483,69 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
19.767,70€	ALIMENTACIÓN BÁSICA
15.516,31 €	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
10.764,25 €	GAS
53.423,79 €	LUZ
39.213,75 €	AUGA
2.951,29 €	GASTOS PERSOAIS
3.126,83 €	GASTOS DE FARMACIA
11.237,12 €	PRÓTESIS + AXUDAS TÉCNICAS
14.528,14 €	HIPOTECAS
31.751,14 €	MELLORAS DE HABITABILIDADE + ELIMINACIÓN BARREIRAS + EFICIENCIA ENERXÉTICA
12.239,18 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, transferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 (*“Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios”*).

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 (*“Melloras en fogares”*).

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:



Concello de Vigo

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroado/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, IMV, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia (que xa non teñen a natureza de “*subvencións públicas*”) e a situación de necesidade das persoas destinatarias, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Gastos e contías máximas.

1. Gastos susceptibles de axuda:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMENTOS/MES	MÁXIMO ALUGUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	250€	400€	2.850€
2	350€	550€	3.300€
3	400€	600€	3.700€
4	450€	650€	4.000€
5	500€	700€	4.300€
6 ou máis	550€	750€	4.600€

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Estes límites poderán superarse en situacións excepcionais debidamente xustificadas.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 12.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo (ou persoa en quen delegue) e dúas técnicas da Área de Benestar social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.



Concello de Vigo

O procedemento de concesión destas axudas iníciase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas. Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial (Anexo I). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial das Bases e a convocatoria no BOPPO e ata o 31 de decembro de 2022. Así mesmo publicaranse no taboleiro electrónico de anuncios e editos do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realízase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.

3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio de domicilio ou de teléfono de contacto.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade e as demais actuacións previstas na normativa reguladora aplicable.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos non será obxecto de publicación a súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Con todo, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.



Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

3(1118).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI) POLA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021". EXPTE. 20412/333.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 16/12/2021, dáse conta do informe-porposta do 15/12/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 20412-333 sobre a subvención nominativa a favor de entidades deportivas sen ánimo de lucro pola organización de eventos deportivos 2021, e atendendo ás observacións transmitidas pola Intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Solicitouse un novo documento de Orzamento de Ingresos e Gastos co detalle dos gastos do evento deportivo, sen modificar en ningún momento o importe total de 10.000,00 €. Este documento (210286599), rexistrado o 15 de decembro de 2021, está anexado o expediente.

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Con data 09.02.2021 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.08 a favor da entidade ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI) en relación á organización do evento deportivo "TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021".

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 2.11.2021 a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 10.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 2.11.2021.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- a) Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.



Concello de Vigo

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se*

trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.480.00.08, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

O apartado 11 da Base 38ª das de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021 establece o prazo límite da segunda semana do mes de novembro para que os servizos xestores remitan para a súa comprobación a xustificación das subvencións outorgadas no exercicio.

Non obstante, evento deportivo obxecto da proposta de subvención ten previsto celebrarse os días 27-28 e 29 de decembro, o que fai imposible o cumprimento desta data límite. Esta circunstancia fai necesario que a proposta de subvención obxecto do presente expediente propoña como data límite para que a beneficiaria presente a documentación xustificativa o 30 de decembro, tendo en conta que dito prazo pode garantir a tramitación do expediente de pago dentro do ano 2021.

Tal ampliación propónse axustándose ao requisito establecido polo Plan Estratégico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo que se estableza sexa dentro do exercicio económico, entendendo que darase cumprimento ao prazo de peche do exercicio.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI), CIF: G36998227 pola organización do evento deportivo "TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 €, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.08, a favor da entidade ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI), CIF: G36998227 e enderezo social na rúa VAL MIÑOR 1 (36210), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.08 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI) EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021" (Expediente 20412-333)

En Vigo na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. José Daniel Costas Fernández como presidente da Asociación de fútbol Aficionado de Vigo (AFAVI) co CIF: G36998227 e enderezo na rúa San Paio de Navia 181B, 36212, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e na documentación do expediente núm. 20412-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo "**TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021**", organizado pola entidade deportiva **ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI)** o 27-28 e 29 de Decembro.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva **ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI)** organiza o evento "**TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021**" que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

Este torneo xa se conforma coma un clásico da actividade deportiva no nadal da cidade, xa que leva oito edicións promovendo o fútbol no nadal nos campos municipais.

Este torneo é unha peza mais na promoción integral do Nadal na cidade, que se destacou coma un incontestable polo de atracción turística a nivel nacional. O servizo de Deportes participa tamén neste gran evento transversal da cidade, fomentando a vida deportiva nos mais cativos.

O principal interese é a promoción do deporte na mocidade, xa que participan deportistas nas categorías de prebenxamín (nados entre 2014 e 2015) e benxamín (2013 e 2012), nas modalidades de prebenxamíns, benxamíns e alevíns de fútbol 7. Se busca fornecer hábitos saudables e positivos na mocidade viguesa a través do deporte e o fútbol 7 é a modalidade axeitada para a integración da rapazada en actividades deportivas en equipo e fornecer vínculos sociais, autonomía e autoestima.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.08 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da Asociación de fútbol Afeccionado de Vigo (AFAVI).

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da Asociación de fútbol Afeccionado de Vigo (AFAVI) no evento deportivo “Torneo de Nadal”.



Concello de Vigo

VI.- Que a Asociación de fútbol Aficionado de Vigo (AFAVI) non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20412/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a entidade Asociación de fútbol Aficionado de Vigo (AFAVI) conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade deportiva **ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI)** colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo **"TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2021"**, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumirá todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantirá a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Ten todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitará de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada.

Por outra banda, o art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

En relación co anterior, e segundo ao disposto no apartado 1.3º da Resolución de Delegación de competencias da Alcaldía, á Xunta de Goberno Local, lle corresponden, entre outras atribucións, a aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás empresas/persoas empregadoras que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700007 denominada “Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI”, do vixente exercicio presupostario, por importe de **27.000,00 €** (vinte e sete mil euros), un total de **18** incentivos á contratación:

ORDE	EXP.	Nº DOC.	DATA REXISTRO	NOME	CIF/NIF	Nº INCENTIVOS CONCEDIDOS	ESPECIALIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
1	18682/77	210186903	13/09/21	LABULLABESA SL	B36971240	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €
2	18683/77	210189347	16/09/21	NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA	B27881754	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
3	18686/77	210190439	20/09/21	KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA	B27874122	3	RESTAURACIÓN	4.500,00 €
4	18687/77	210190536	20/09/21	BEN FEITO 2014 SL	B27811330	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
5	18688/77	210190541	20/09/21	TRES ELEVADO A CERO, S.L.	B16778060	4	2.RESTAURACIÓN 2.COCIÑA	6.000,00 €
6	18690/77	210190847	20/09/21	CIUDAD DE VIGO SL	B36613347	1	RESTAURACIÓN	1.500,00 €
7	18696/77	210192610	22/09/21	MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA	B27851146	2	1. RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €
8	18703/77	210194573	24/09/21	SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL	3617*****	1	COCIÑA	1.500,00 €
9	18717/77	210197217	29/09/21	LOLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA	B01777945	1	COCIÑA	1.500,00 €
10	18718/77	210198256	30/09/21	CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA	B27850510	2	1.RESTAURACIÓN 1.COCIÑA	3.000,00 €

SEGUNDO: ESTABLECER o sometemento dos incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Vigo Capacita VI, ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE I352, do 24 de decembro de 2013)

TERCEIRO: CONCEDER ás beneficiarias dos incentivos á contratación, un prazo de **10 días hábiles** para a xustificación das axudas conforme ao disposto no artigo 7 das bases da convocatoria. O prazo comezará a contar dende o día seguinte á finalización do período de 3 meses dende a data de formalización do/s contrato/s obxecto dos incentivos.



Concello de Vigo

CUARTO: CONDICIONAR o pagamento das axudas ao cumprimento, polas beneficiarias, das obrigas establecidas no artigo 8 das bases da convocatoria, e no artigo 15.3 da *Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, segundo o cal a contratación laboral deberá ter unha **duración mínima de 3 meses a xornada completa**, debendo comezar con carácter xeral, nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego, cuxa finalización se produciu con data **29/09/2021**.

QUINTO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1121).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO PARA MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTOS MULTIMEDIA DO AUDITORIO TEIS E SERVIZO TÉCNICO EVENTOS. EXPTE 10364/320.

Visto o informe xurídico do 10/12/2021 e o informe de fiscalización do 13/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 09/12/2021, asinado pola técnica de xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo (expte. núm. 8057-320):

“Adxudicar a APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320):

1. Lote 1 “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, por un prezo total de 40.075,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.027,00 euros e cun tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.
2. Lote 2 “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”, por un prezo total de 34.727,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.955,20 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:

- Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
- Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)

b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

II. Segundo o disposto no apartado 4 das FEC (Folla de Características do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC), o prazo de duración do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

III. O contrato foi formalizado con datas 29/01/2019 (Lote I), e o 11/01/2019 (Lote II) iniciándose a súa execución, respectivamente o 30/01/2019 e o 14/01/2019, polo que, o seu prazo finalizou o 29/01/2021 (Lote I) e 13/01/2021 (Lote II)

IV. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/2020, se autorizou a prórroga dun (1) ano do contrato polo período comprendido entre o 30/01/2021 (Lote I) ó 13/01/2021 (Lote II) (expte. Núm. 9741/320)

IV. Con data 16/11/2021 o concelleiro de Participación Cidadá e Festas autorizou o inicio da tramitación do expediente da 2ª prórroga do contrato maior de servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos

V. A través da notificación co número de saída 64244 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato

VI. A empresa Aplicaciones Informáticas Aevigo S.L. comunicou a conformidade coa prórroga do contrato con data 22/11/2021 e documento núm. 210235657.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordárase polo órgano de contratación sendo



Concello de Vigo

obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Mediante a notificación de data 17/11/2021 e nº de saída 85169, recibida o 18/11/2021, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

Por outra banda, en resposta á dita notificación, a empresa Aplicaciones informáticas Aevigo SL, a través do documento núm. 210231476, presentado con data de entrada no rexistro xeral de 16/11/2021, manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos.

A execución do contrato iniciouse con datas 30/01/2019 (Lote I) e o 14/01/2019 (Lote II), e o seu prazo finalizou o 29/01/2021 (Lote I) e 13/01/2021 (Lote II), téndose autorizada a primeira prórroga do contrato, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/2020 (expte. 9741/320), para os períodos comprendidos entre o 30/01/2021-29/01/2022 (Lote I) e 14/01/2021 – 13/01/2022 (Lote II)

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C FEC, no que se establecen dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Asemade, dispón que a prórroga será obligatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

II. Na actualidade os servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (expte. núm. 8057-320), se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables manténdose as melloras ofertadas no contrato consistentes en:

1. Lote 1 “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, por un prezo total de 40.075,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.027,00 euros e cun tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.

2. Lote 2 “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”, por un prezo total de 34.727,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.955,20 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:

- Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
- Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)

- b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

IV. A 2ª prórroga do contrato, para o Lote I “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, terá un importe de 20.037,60 euros, dos que 18.475,53 € corresponden ao orzamento do 2022 (dende o 30/01/2022 ao 31/12/2022) e 1.562,07 € corresponden ao orzamento do ano 2023 (01/01/2023 ao 29/01/2023), e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO.

O importe da 2ª prórroga do contrato, para o Lote II “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos” será de 17.363,50 €, dos que, 16.756,71 € corresponden ao orzamento do ano 2022 (dende o 14/01/2022 ao 31/12/2022) e 606,79 € corresponden ao orzamento do ano 2023 (01/01/2023 ao 13/01/2023), e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS.

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (expte. núm. 8057-320).

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decretos de delegación de Alcaldía de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 e posterior de 18 de agosto de 2020) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, e previo informe de Intervención, remítese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA de

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la 2ª prórroga de UN ANO do contrato para a prestación dos servizos mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito (Lote I) e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (Lote II), adxudicado a Aplicaciones Informáticas Aevigo S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/12/2018, para o período comprendido entre 30/01/2022 - 29/01/2023 (LOTE I) e entre o 14/01/2022 –



Concello de Vigo

13/01/2023 (LOTE II), manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertada no contrato consistentes en:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:

Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)

Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)

b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- a) Para o Lote I “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, terá un importe de 20.037,60 euros, dos que 18.475,53 € corresponden ao orzamento do 2022 e 1.562,07 € corresponden ao orzamento do ano 2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO, manténdose, no período de prórroga, a condición ofertada no contrato consistente no tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.
- b) Para o Lote II “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos” será de 17.363,50 €, dos que, 16.756,71 € corresponden ao orzamento do ano 2022 e 606,79 € corresponden ao orzamento do ano 2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS,

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1122).- REVISIÓN DA RENDA, NO MARCO COVID-19, DO CONTRATO PRIVADO DE ALUGUEIRO DO INMOBLE DO AUDITORIO MAR DE VIGO COA ENTIDADE ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO S.L. EXPTE. 20798/240.

Visto o informe xurídico do 1/12/2021 e o informe de fiscalización do 17/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/11/2021, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, o tesoureiro municipal e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017 , dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finalizou o 31 de marzo de 2018; data na que se ten producido a recepción de dita obra pública polo Concello de Vigo.

A Xunta de Gobierno Local en sesión de data e 9.03.2018 acordou disponer a continuación e no resolución, de diferentes contratos concertados por Pazo de Congressos de Vigo S.A. Entre os mencionados contratos, atópase o contrato de aluguer de inmoble para uso de Auditorio e Pazo de Congressos, dunha superficie aproximada de 13.613 m² repartidos en nove plantas sobre rasante mais unha parte de accesos dende o aparcadoiro baixo rasante (cota-3,55) e que inclúe varias salas de distinta capacidade, un hall principal apto para exposicións, camerinos e vestiarios, e áreas asociadas como accesos, cabinas de control e tradución, aseos públicos e zonas técnicas. Ademais como anexo inseparable do edificio un local comercial de aproximadamente 579 m² destinado a cafetería situado na cota +8,5, e suscrito coa sociedade ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. en data 17.03.2014.

A duración do contrato era ata o 28 de febreiro de 2019, pero se prorroga automaticamente por oito prazos obrigatorios e consecutivos de cinco anos cada un e un último prazo de duracion ata o **28 de outubro de 2068** , agás que a arrendataria comunique fehacientemente á arrendadora a súa vontade en contrario cunha antelación mínima de 24 meses á data de vencimento de cada unha das prórrogas.

II.- En data 6 de xullo de 2021, don Jesús Ignacio Teixeira Rodríguez, en representación da mercantil Organización de ideas de éxito S.L, solicita se modifique o contrato de aluguer debido á situación económica consecuencia dos efectos da pandemia provocada polo COVID 2019, ante a imposibilidade de asumir o pago da renda prevista no contrato, e se acorde:

-reducir nun 50% a renda fixa correspondente ás mensualidades marzo-décembro da anualidade 2020, anualidade 2021 e xaneiro e febreiro da anualidade 2022.



Concello de Vigo

-recuperar a renda pactada na celebración do contrato, agás que a cifra de negocios non se recupere, diferindo o cálculo da mesma á porcentaxe de vendas referido á anualidade previa á incidencia da COVID.

-presentación dun plan de pagos para a débeda reducida da renda fixa mais da variable adicional.

III.- A medio de resolución do 9 de xullo de 2021, a Concelleira delegada de Xestión municipal, Patrimonio, Recursos Humanos e Contratación acorda o inicio do correspondente procedemento administrativo para no seu caso, revisar a renda do contrato de aluguer do inmoble do Auditorio Mar de Vigo na avda. de Beiramar, suscrito coa sociedade ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., como consecuencia dos efectos sobre a economía da pandemia provocada polo virus SARS COVID 2019.

IV.- En data 21.07.2021 o responsable do Control Orzamentario, Contabilidade e Tesourería emite informe sobre a incidencia na Tesourería municipal de tal redución, viabilidade técnica e oportunidade da mesma.

V.- En data data 30.06.2021, solicitouse ao interesado se completasen as contas anuais cos informes anuais da Auditora relativos á facturación bruta anual total e xustificación documental da mesma, incluíndo proposta desglosada da renda variable a abonar, nos termos recollidos no apartado 5.2.2. do contrato de aluguer, informe solicitado de novo a medio de notificación o 4 de agosto de 2021.

En data 23 de agosto a interesada aporta “Informe de Procedimientos acordados sobre retribución variable dos exercicios 2018, 2019 e 2020”, suscrito por AT Consultores & Auditores S.L, no que se xustifica a renda variable según contrato, esto é cantidade que resulte de aplicar a suma dos seguintes importes:

- (i) 20% sobre a facturación bruta anual correspondente á explotación das salas
- (ii) 8% sobre a facturación bruta anual correspondente aos servicios de catering
- (iii) 8% sobre a facturación bruta anual correspondente ao aluguer de medios audiovisuais e outros servicios prestados

Do que resultan os seguintes importes

ANUALIDA- DE	IMPORTE	TOTAL	TOTAL CON IVE
2018	42.437,48		
2019	47.991,80		

2020	7.910,00	98.339,28	118.990,53
------	----------	-----------	-------------------

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Preceptos de aplicación plena e básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos, preceptos de aplicación supletoria
- Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos
- Código Civil
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Contrato de aluguer suscrito entre o 17 de marzo de 2014 entre Pazo de Congressos S.A e ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L

II.- Natureza e réxime xurídico do contrato de aluguer suscrito

II.1.- Como premisa deste informe-proposta, debe sinalarse que o Concello de Vigo ostenta a posición de arrendataria en virtude da subrogación acordada pola Xunta de Goberno local o 9 de marzo de 2018, pola que pasa a substituír a Pazo de Congressos nos dereitos e obrigas concertados no contrato de aluguer, sen que o Concello de Vigo teña aprobado nin pactos nin condicións reguladoras dos dereitos e obrigas das partes polas que se rexiría o vixente contrato privado, tal e como dispón o artigo 112.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas; é dicir, o Concello non se ten manifestado sobre o contido concreto das cláusulas de aluguer, incluído o prazo contractual, procedendo a tomar o acordo de subrogación como consecuencia do disposto no Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017.



Concello de Vigo

II.2.- Dito queda, pasamos a informar sobre o réxime xurídico dos contratos de aluguer:

-A lexislación de contratos do sector público non é de aplicación aos contratos de aluguer mais que para resolver dúbidas ou lagoas que se poideran presentar, artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), expresamente o artigo 9 apartados 1 e 2, exclúe da aplicación da lei contractual a tódolos os contratos de explotación de bens patrimoniais (igual que para os bens de carácter demanial) e aos contratos de aluguer sobre bens inmoables, que terán SEMPRE O CARÁCTER DE CONTRATOS PRIVADOS e rexiranse pola lexislación patrimonial.

-Tratándose dun ente local, a súa lexislación patrimonial é o RBEL, así como a Lei de patrimonio das administracións públicas en canto aos preceptos de aplicación plena e básica e, supletoriamente, no non regulado no propio RBEL. O artigo 92 RBEL ten sido derogado por contradecir á lexislación de contratación, polo que debemos acudir ao disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas (LPAP), a cal no seu artigo 106.1, precepto de aplicación básica, permite que a explotación de bens patrimoniais se poida efectuar a través de cualquier negocio típico ou atípico, (o contrato de aluguer é un contrato típico), remitíndose ao capítulo 1 do Título V en canto ao réxime xurídico deste contrato; así o art 110 LPAP dispón que os contratos patrimoniais rexiranse en canto a súa preparación e adxudicación pola lei patrimonial e disposicións de desenvolvemento, e no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das administracións públicas. Os seus efectos e extinción regularanse pola lei patrimonial e polas normas de dereito privado, concretamente Lei de alugueiros urbanos.

O artigo 7.3 LPAP, dentro do Título Preliminar e no mesmo senso xustificando expresa que, o réxime de adquisición, administración, defensa e enaxenación dos bens e dereitos patrimoniais será o previsto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan ou complementen. Supletoriamente, aplicaranse as normas de dereito administrativo, en tódalas cuestións relativas á competencia para adoptar os correspondientes actos e ao procedemento que se ha de seguir para elo, e as normas del Dereito privado no que afecte aos restantes aspectos do seu réxime xurídico.

III.- Redución da renda

III.1.- Cabe referir en primer lugar, como xa fixemos en relación con outro expediente tramitado por esta Área e aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión do 31.03.2021, unha reflexión sobre a excepcional crise económico e social sen parangón nos últimos cen anos, que ten paralizado certos sectores

económicos, como a actividade comercial, equipamientos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostelería e restauración, e outras adicionais, provocando a caída de importantes indicadores económicos que alertan dunha recesión, ¹cuios efectos continúan na data e sen claridade en canto ao horizonte temporal: o 30 de xaneiro de 2019, o Organización mundial da saúde declarou que a situación provocada pola expansión do COVID 19, supón unha emerxencia de saúde pública de carácter internacional, e o 10 de marzo declarou que o coronavirus se tiña convertido nunha pandemia global.

Ante a situación de emerxencia de saúde pública e pandemia internacional, o Gobierno aprobou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. A contención da progresión da enfermidade ten suposto e e supón limitacións temporais á libre circulación xunto coa redución da oferta laboral debido ás medidas de corentena e contención. Estas circunstancias tradúcense nunha perturbación conxunta da demanda e oferta para a economía española, e en concreto, a actividade de espectáculos públicos en equipamientos culturais, e cultural en auditorios, que constitúe o obxecto social desta empresa, actividades incluídas no anexo do RD 463/2020, cuxa apertura ao público quedou suspendida, con arranxo ao dispuesto no seu artigo 10.3.

O Real Decreto 463/2020, viuse seguido de seis prórrogas do estado de alarma.

Dende a flexibilización das medidas relativas ao COVID-19 produciuse nos distintos territorios, un empeoramiento da evolución da pandemia, provocando que a situación excepcional de estado de alarma fose prolongada polo Gobierno de España mediante *Real Decreto 956/2020, de 3 de noviembre, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2*, o que supuxo restriccións das mobilidade e liberdade de empresa, co conseguinte peche de establecementos, sendo difícil imaxinar unha situación mais grave que a causada pola pandemia. Tras o R Decreto 956/2020, téñense adoptado numerosas, sucesivas e cambiantes medidas restrictivas á libre circulación das persoas en todo o territorio nacional (non só en España, senón tamén nos países de orixe da maior parte dos turistas), con limitacións aos horarios de apertura de establecementos especialmente no ámbito dos espectáculos públicos e actividades recreativas, e incluso o confinamento horario ou "toque de queda" en numerosas comunidades autónomas.

A orde de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que complementa o Decreto 8/2021, de 26 de xaneiro, supuxo o peche temporal dos establecementos de espectáculos públicos, teatrais, musicais, feriais, auditorios,

1 Axencia de datos de Europa Press, febreiro 2021, <https://www.epdata.es/datos/impacto-economico-coronavirus-graficos/523>



Concello de Vigo

ata o 17.02.2021, e a partir desta data unha regulación restrictiva con reducións de aforos e establecemento de medidas de seguridade que alteraron o desenvolvemento ordinario destas actividades. Nesta coiuntura de extrema gravidade cuos efectos aínda perduran na data e con claras repercusións que ten provocado afeccións sobre as perspectivas municipais en canto ás condicións de explotación (enaxenación) dos bens propiedade do Concello de Vigo, ante a alteración das condicións do mercado de libre compravenda cuos efectos continúan unha vez finaliza o prazo do aluguer, permanencia da situación excepcional do estado de alarma, coa notoria limitación da demanda, sen que percibamos un horizonte certo para recuperar as actividades económicas ás condicións anteriores a marzo de 2020.

III.2.- En data 21.07.2021, o responsable do Control Orzamentario, Contabilidade e Tesourería emite informe sobre a incidencia na Tesourería municipal de tal redución da renda fixa, viabilidade técnica e oportunidade da mesma á vista das contas anuais achegadas e anexadas ao expediente, anualidades 2017, 2018, 2019 e peche provisional 2020, informe que na súa integridade se transcribe:

."Expediente: 20798/240.

Asunto: Solicitud de informe da Área de Patrimonio.

Causa: Alugueiro Auditorio Palacio de Congresos.

Arrendataria: Organización de Ideas de Éxito, SL, (OIDE,SL).

Prazo contractual: até 28/02/2019, prorrogable automaticamente por OITO prazos de CINCO anos e un último até coincidir coa data de extinción da CONCESIÓN.

Localización do inmovible: Avda. Beiramar nº 57-59.

Superficie: Toda a zona destinada a Auditorio (13.613,00 m² segundo dispositivo III) e unha zona complementaria de 579,00 m² destinada a cafetería.

Pretensión: Redución da renda fixa nun 50%.

Prazo de aplicación da redución: Marzo 2020 a febreiro 2022, (24 mensualidades).

Renda fixa actual: 10.000 euros mes máis IVE, total 12.100 euros mes, sen actualizar.

Pagos pendentes do ano 2020 (10 meses): 100.000 euros máis 21% de IVA, sen actualizar

Pagos pendentes do ano 2021 (7 meses): 70.000 euros máis 21% de IVA, sen actualizar.

Pagos pendentes de outros anos: 10.000 euros máis IVA.

IPC publicado polo INE: Período novembro 2014-novembro 2020, 3,4%.

Renda Variable: Información pendente de verificar por informe de auditoría.

Porcentaxe	Concepto	Renda anos		
		2018	2019	2020
20,00%	Sobre facturación bruta por explotación de salas			
8,00%	Sobre facturación bruta servizos catering			
8,00%	Sobre facturación bruta por alugueiro de medios audiovisuais e outros servizos			
		42.490,90	47.991,80	7.910,00
Total		98.392,70		

Custes de Comunidade pendentes: Pendente de cuantificar ano 2018, 9 meses (abril-décembro).

Ano	Sub. eléctrico	Gas
2018		
2019	81.445,42	20.597,34
2020	2.630,56	12.139,31
Total	84.075,98	84.075,98
Total		168.151,96

...

A Xefa da Área de Patrimonio, en escrito asinado o 9 de xullo de 2021, fai chegar ao servizo ao meu cargo, unha dilixencia, que en síntese ten o seguinte contido:

Por resolución do 9 de xullo de 2021, a Concelleira delegada de Xestión Municipal, Patrimonio, Recursos Humanos e Contratación, acorda iniciar o correspondente procedemento administrativo para no seu caso, revisar a renda do contrato de alugueiro do inmovible do Auditorio Mar de Vigo na avd. de Beiramar, asinado coa Sociedade Organización de Ideas de Éxito SL, (en diante OIDE) o contrato de alugueiro do inmovible do Auditorio Mar de Vigo na avda. de Beiramar, como consecuencia dos efectos sobre a economía da pandemia provocada polo virus SARS COVID 2019.

A Resolución da Concellería Delegada ten causa no escrito presentado por D. Jesús Ignacio Teixeira Rodríguez, en representación da mercantil Organización de Ideas de Éxito S.L, no que solicita se modifique o contrato de alugueiro debido á situación económica consecuencia dos efectos da pandemia provocada polo COVID19, ante a imposibilidade de asumir o pago da renda prevista no contrato, e se acorde:

-reducir nun 50% a renda fixa correspondente ás mensualidades marzo-décembro da anualidade 2020, anualidade 2021 e xaneiro e febreiro da anualidade 2022.

-recuperar a renda pactada na celebración do contrato, agás que a cifra de negocios non se recupere, diferindo o cálculo da mesma á porcentaxe de vendas referido á anualidade previa á incidencia da COVID.

-presentación dun plan de pagos para a débeda reducida da renda fixa mais da variable adicional.

A vista da solicitude, a Concellería de Patrimonio está a estudar a viabilidade xurídica da redución da renda do contrato de alugueiro, xunto a un plan de pagos da débeda xerada, precisando coñecer do Departamento que dirixe, a incidencia na Tesourería Municipal de tal redución,



Concello de Vigo

viabilidade técnica e oportunidade da mesma á vista das contas anuais achegadas ao expediente, anualidades 2017 a 2019 e contas provisionais do 2020.

Informe sobre o solicitado.

A vista do solicitado, o informe vai ter o seguinte alcance:

- Antecedentes.
- Identificación e cuantificación das rendas ingresadas e pendentes de ingreso, tanto pola renda fixa como pola variable, así como os gastos de subministro eléctrico e gas.
- Avaliar o fundamento xurídico da redución da renda.
- Avaliar o prazo de fraccionamento.
- Avaliar a situación en canto a garantía e a súa dispensa.
- Efectos sobre a tesourería.
- Conclusións.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 9 de marzo de 2018, adoptou o acordo de continuar, a partires do 31/03/2018, co contrato de alugueiro asinado o 17/03/2014 entre a mercantil Pazo de Congressos de Vigo, SA e OIDE,SL, para a explotación e xestión das zonas destinadas a auditorio do Pazo de Congressos (13.613,00 m²) e dunha zona de aproximadamente 579,00 m² con destino a cafetería.

a) Ingresos efectuados pola renda fixa do alugueiro

A cláusula Quinta, apartado 5.1 do contrato asinado o 17/03/2014, fixa a renda inicial esixible durante o primeiro ano en 10.000,00 euros, que será actualizada cada ano en relación co índice de prezos ao consumo publicados polo INE, tomando en consideración o mes de novembro.

A variación segundo publicación do INE entre novembro de 2014 e novembro do 2020, é do 3,4%.

2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	Total
-0,30%	0,70%	1,70%	1,70%	0,40%	-0,80%	3,40%

En consecuencia, a renda do ano 2018 dende abril a novembro inclusive, tería que ter unha actualización do 3,8% (10.380 euros mes). A renda de decembro 2018 até a renda de novembro do 2019, tería que ser actualizada nun 0,4% (10.421 euros mes), e a renda de decembro do 2019 até novembro do 2020, tería que se actualizada nun -0,8% (10.338,15 euros mes).

Non se aplicou a revisión da renda de alugueiro.

Ingresos.

2018: 80.000 euros, más IVA, 8 meses, o devengo é por 9 meses, comenzo o 01/04/2018.

2019: 90.000 euros más IVA, renda equivalente a 9 meses.

2020: 50.000 euros más IVA, renda de 2 meses do ano 2020 e 3 meses do ano 2019.

Total meses ingresados de renda fixa: 8+9+5 = 22.

Se computamos os meses, non só está pendente de ingreso dende marzo do ano 2020, senón que falta UN mes de atrás, dende abril do ano 2018 até febreiro do ano 2020, total 23.

b) Ingresos por Renda variable adicional.

A cláusula Quinta, apartado 5.2.1 do contrato, regula a renda variable adicional, constituída por:

i), 20% sobre a facturación bruta anual correspondente á explotación das Salas.

ii), 8% sobre a facturación bruta anual correspondente aos servizos de catering.

iii), 8% sobre a facturación bruta anual correspondente alugueiro de medios audiovisuais e outros servizos.

A cláusula Quinta, apartado 5.2.2, establece as regras para a determinación da renda variable adicional.

Non hai ingresos por esta renda, estando a totalidade pendente de ingreso. Esta formará parte da débeda acumulada aos efectos da tramitación dun fraccionamento da débeda. As rendas comunicadas por este concepto pendente de verificar son de 98.392,70 euros.

c) Ingresos por Gastos de comunidade.

2018: Entrega a conta electricidade, en dous ingresos de 2.000,00 euros cada un, 4.000 euros máis IVE.

Identificación e cuantificación das rendas pendentes

- Renda fixa: 1 Mes do ano 2018, 10 meses do ano 2020 e 7 meses do ano 2021, total débeda pendente da renda fixa: 180.000,00 euros máis IVA, sen actualizar, se se fai unha actualización acumulada, a renda fixa pendente será de: $180.000,00 \times 1,034 = 186.120,00$ euros máis IVA.*
- Renda variable: Non se ten feito ningún ingreso (2018, 2019 e 2020), a débeda sen que se teña o informe de auditoría, é de: 98.392,70 euros, máis IVA, queda supeditada á verificación.*
- Gastos de comunidade: Pendente de ingreso na súa totalidade, anos 2018, 2019, 2020, a contía dos gastos a reintegrar por subministro eléctrico e gas dos anos 2019-2020, e de 116.812,63 euros máis IVA, a deducir, 4.000,00 euros máis IVA por ingresos a conta, hai que cuantificar o ano 2018.*

Sobre a renda variable adicional e os gastos de comunidade, non é de aplicación a redución solicitada, quedando esta redución limitada ao concepto de renda fixa previsto na cláusula Quinta apartado 5.1.

Fundamento xurídico da redución da renda

Para a débeda conformada polo período que durou o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, o Real Decreto-lei 15/2020, de 21 de abril, prevé, que cando o arrendador sexa unha empresa ou entidade pública de vivenda, ou un gran tenedor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que sexa titular de máis de 10 inmobles urbanos, excluindo garaxes e trasteiros, ou unha superficie construída de máis de 1.500 m², poderáselle solicitar unha moratoria no pago da renda arrendaticia durante o período de tempo que dure o estado de alarma e as súas prórrogas e ás mensualidades seguintes, prorrogables unha a unha, se aquel prazo fose insuficiente en relación co impacto provocado polo COVID-19, sen que poidan superarse, en ningún caso, os catro meses.



Concello de Vigo

A moratoria deberá ser aceptada polo arrendador se non se alcanzase un acordo entre ambas as partes e aplicarase de maneira automática.

A renda aprazarase, sen penalización nin devengo de xuros de demora, a partires da seguinte mensuralidade de renda arrendaticia, e abonarase mediante o fraccionamento das cotas nun prazo de dous anos, que se contarán a partir do momento no que se supere a situación aludida anteriormente, ou a partir da finalización do prazo do catro meses antes citado, e sempre dentro do prazo de vixencia do contrato de arrendamento ou calquera das súas prórrogas.

En relación cos meses que estarían en esta situación, os alugueiros até o 21 de xuño, remate do estado de alarma decretado polo Real Decreto 463/2020 e prorrogada até en seis ocasións. A renda de este período, aprazaríase até o remate do estado de alarma, a partires de esa data, fraccionaríase en 24 mensuralidades.

Así mesmo, o Real Decreto-lei 35/2020, de 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, a hostalaría e o comercio e en materia tributaria, establece unha redución do 50 por cento da renda arrendaticia durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro. En relación con este Real Decreto, estendeu os seus efectos dende a súa publicación no BOE de data 25/10/2020 e rematou as 00:00 horas do día 09/11/2020.

O Consello de Ministros, con data 03/11/2020, antes do remate da súa vixencia, prorrogou a súa vixencia por un período de 6 meses, dende as 00:00 horas do día 9 de novembro até o 09/05/2021.

O Real Decreto lei 35/2020 céntrase en axudar ao sector Horeca (restauración, hostalaría e cafetarías) e o comercio co obxectivo de dar maior certeza á planificación do exercicio 2021 e minimizar custes.

Puntos destacables do RD-lei 35/2020:

- Unha redución do 50 por cento da renda arrendaticia durante o tempo que dure o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e as súas prórrogas (7,5 meses), e poderá estenderse ás mensuralidades seguintes, até un máximo de catro meses.*
- Unha moratoria no pago da renda arrendaticia que se aplicará durante o período de tempo que dure o estado de alarma declarado por Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro e as súas prórrogas (7,5 meses), e poderá estenderse ás mensuralidades seguintes, até un máximo de catro meses.*
- Nos casos nos que no contrato de arrendamento estea previsto o pago, ademais da renda arrendaticia, outros gastos derivados de servizos de mantemento ou doutro tipo, e dos cales o arrendatario se beneficia, estes gastos comúns quedarán excluídos das medidas previstas no apartado anterior.*
- En canto ao concepto regulado na cláusula Quinta, apartado 5.2, tendo en conta que o seu cálculo ten causa na facturación bruta polos conceptos que alí se establecen, este concepto tampouco poderá ser obxecto de aplicación dunha redución porcentual, xa que sen hai menos actividade, tamén diminuírá esta renda para o arrendatario.*

A persoa arrendadora comunicará expresamente a súa decisión á arrendataria, no prazo máximo de sete días hábiles.

Segundo fai constar a arrendataria no seu escrito, ao amparo do previsto no artigo 1.1 do RD-lei 15/2020, solicitou ao Concello de Vigo a moratoria do pago da renda. Así mesmo, en virtude do artigo 1 do RD-lei 35/2020, solicitou a redución da renda durante o estado da alarma. En relación coas solicitudes, o Concello no resolveu, aínda que, a aplicación do RD-Lei 15/2020, produce

efectos positivos e automáticos para o arrendador e o RD-lei 35/2020, obriga a unha resolución no prazo de sete días hábiles.

Por outra banda, o arrendatario que se vería beneficiado do aprazamento e fraccionamento polas rendas de marzo-abril-maio e xuño, non atendeu a ningún pago polo resto da débeda, polo que a mesma podería estar en período executivo coa aplicación do recargo ordinario de prema. No devandito período, tampouco ingresou os gastos de comunidade, que non estaban suxeitos ao beneficio dos RD-lei 15/2020 e 35/2020.

Á vista do acontecido, a primeira posibilidade que establece este marco normativo é que ambas partes negocien as condicións do contrato e pacten medidas que permitan equilibrar os intereses de ambas as partes no contrato e paliar as consecuencias económicas que provocou a pandemia. Consecuencia do anterior, hai que cuantificar a totalidade da débeda, a fixa e a variable, por todos os conceptos, e ir a un fraccionamento coas condicións e requisitos que regula o RD 939/2005, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

En relación coa normativa de aplicación aos efectos de aprobar un fraccionamento da débeda acumulada (aplicarase o previsto no artigo 2.2 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004), coa redución que se acorde polo órgano competente, devengando xuros dende o inicio, xa que a vantaxe que puidese ter OIDE en relación coa aplicación do RD-lei 15/2020, non bastaría para compensar os devengos dos xuros pola contías non ingresadas que quedaron fora do marco regulamentado nos RD-lei 15/2020 e 35/2020.

Así as cousas, pode resultar conveniente para ambas partes negociar as condicións de pago do contrato, sempre dentro do marco normativo de aplicación, coa finalidade de que o arrendatario obteña facilidades de pago e o arrendador garántase o cobro da renda, aínda que sexa por menor contía e fraccionada.

Renda Variable adicional e gastos de comunidade

En relación coa renda variable adicional, as contías relevantes son as dos anos 2018 e 2019, por unha contía de 42.490,90 euros e 47.991,80 euros respectivamente, a do ano 2020, segundo información achegada, a contía é de 7.910,00 euros. Esta débeda por este tipo de renda, que basicamente e aplicable a períodos que non se corresponden coa pandemia, non pode ser obxecto de redución. Tampouco a do ano 2020, xa que a súa variabilidade está fundamentada segundo a cláusula Quinta, apartado 5.2.1 do contrato, na facturación bruta segundo as porcentaxes que regulan os apartados (i, ii) e iii) da devandita cláusula.

En canto aos gastos de comunidade, estes son gastos certos, que tiveron que ser sufragados integramente polo Concello, polo que non serán obxecto de redución na súa contía, de ser así, xeraría un quebranto para o Concello, ademais do anterior, non son obxecto de redución no Real Decreto-lei 35/2020, é precisamente unha excepción da norma, quedando suxeitos ao seu ingreso íntegro. A súa contía calculada polos servizos municipais nos informes que figuran no expediente, abarca aos anos 2019-2020, quedando pendente de avaliación o ano 2018, dende abril.

Análise da renda a pagar polo arrendatario.

Segundo información das contas anuais, hai unha caída real da actividade e da cifra de negocio, que ten a súa manifestación máis inmediata e explícita na conta de perdas e ganancias do ano 2020, que tivo un signo negativo, rompendo a tendencia dos anos precedentes:

Conta de resultados, despois de impostos. As do ano 2020, non son definitivas.

Conta resultados	2020	2019	2018	2017	2016
Beneficios		50.534,92	16.871,02	12.769,95	13.794,24



Concello de Vigo

Perdas	71.826,43				
--------	-----------	--	--	--	--

Resulta contrastable, que a caída da actividade polas limitación impostas pola sucesiva normativa relacionada coa COVID19, afectou de forma determinante aos resultados de explotación e supuxo o derrube da actividade, que ao ser de ocio, foi unha das actividades que sufriron maiores restricións.

Sen prexuízo do axuste que proceda e a aplicación da cláusula *rebus sic stantibus*, coa información e coñecemento que ten a Área de Patrimonio sobre a situación actual, parece razoable facer unha aplicación da redución cara adiante e cara atrás, coa excepción das rendas variables adicionais e do reintegro que corresponda polos gastos de comunidade (subministro eléctrico e gas).

Sobre a débeda aprazada na contía que resulte, aplicarase o xuro de demora.

A partires da información publicada polo INE, unha vez novado o contrato, até novembro do ano 2021, a renda mensual é de 10.338,15 euros mes. A renda de decembro do 2021 até novembro do 2022, aplicaríase a actualización do IPC Novembro 2020 - Novembro 2021 sobre a renda do mes anterior.

Prazo do fraccionamento

Hai que diferenciar dúas situacións:

a) Débeda acumulada.

- Renda fixa: A débeda acumulada e a súa redución, que como se fai constar é de 180.000,00 euros máis IVA até o 31/07/2021, sen actualizar, e 186.120,00 euros, actualizada co 3,4%, variación do IPC entre novembro do 2014 e novembro do 2020, que si se acorda a redución nun 50% sería de 90.000,00 euros sen actualizar e de 93.060,00 euros actualizada.
- Renda variable: Segundo a información que se achega no seu escrito, a débeda pendente é a seguinte:
2018: 42.490,90 euros.
2019: 47.991,80 euros.
2020: 7.910,00 euros.

Total: 98.292,70 euros, máis IVA. Este cálculo deberá verificarse e seguir o procedemento de cálculo que regula a cláusula Quinta, apartado 5.2.1 do contrato.

- O reintegro polos gastos de comunidade dos anos 2019-2020 é de: 116.812,63 euros, queda pendente de determinar o reintegro dos 9 meses do ano 2018. Estes gastos non serán obxecto de redución, e deben conformar na súa totalidade a cuantificación da débeda.
- A débeda que se cuantifique a partires do acordo, corresponderase co 50% da renda fixa actualizada máis a totalidade da renda variable adicional e a totalidade dos gastos de comunidade.

b) Débeda que se xere na novación do contrato, que segundo a información do INE en relación co ano 2021, até novembro, a renda mensual é de 10.338,15 euros mes.

A renda de decembro do 2021 até novembro do 2022, aplicaríase a actualización do IPC Novembro 2020 - Novembro 2021 sobre a renda do mes anterior.

c) Prazo de fraccionamento da débeda acumulada.

O artigo 41 da Ordenanza Fiscal Xeral, regula o prazo do fraccionamento en aplicación de criterios xerais, establecendo 24 meses para as débedas de máis de 9.000 euros.

Como situación excepcional, podería fraccionarse até 36 mensualidades. Neste caso, habería que acreditar un resultado negativo nos tres últimos anos, situación que non se produciu, aínda que, tendo en conta a situación extraordinaria xerada pola COVID-19, non previsible nin evitable, poderíase avaliar esta situación, aínda que a vista dos resultados, o aconsellable optar polo criterio xeral, é dicir, 24 mensualidades.

A débeda, devengará xuros para o prazo de fraccionamento, non computando xuros pola contía pendente até esta data por aplicación do Real Decreto-lei 15/2020, de 21 de abril.

Ademais do anterior, as consecuencias de impago, segundo o apartado 5.4 do contrato, devengará xuros de demora, cuantificado no xuro legal mais tres puntos. Ademais do anterior, a arrendadora poderá executar as garantías depositadas.

A Administración, en aplicación do RD 939/2005, aplicará o xuro de demora.

d) Proposta do acordo de redución do prezo do alugueiro.

Será oportuno que o acordo xa reflectise a contía de débeda e o fraccionamento, así como, se fose o caso, a dispensa de garantía.

O acordo conxunto, dará unha integridade ao expediente, alcanzando e informando de todas as partes que conforman o proceso de novación do contrato, a saber:

- i) Renda do contrato previo á novación, indicando segundo a variación do IPC publicada polo INE, a actualización do prezo do contrato segundo o previsto na cláusula 5.1 do contrato,*
- ii) redución da débeda, a partires da renda actualizada.*
- iii) renda reducida, actualizada, deixando constancia que a partires do mes de decembro do ano 2021, haberá que volver a actualizar a renda segundo a publicación da variación do IPC,*
- iv) prazo na que estará vixente a redución e condicións futuras, fixando a mesma en función da evolución dos índices de actividade comparados cun ano normal, que non se debe limitar ao ano 2019, senón que podería resultar dunha media dos anos 2017-2019*
- v) cuantificación da débeda acumulada pola renda fixa,*
- vi) cuantificación da renda variable, non suxeita a redución,*
- vii) cuantificación da débeda polos gastos de comunidade pendentes, non suxeita a redución,*
- viii) débeda total,*
- ix) prazo de fraccionamento e contías da fracción mensual,*
- x) dispensa da garantía, amparándose no RD-lei 35/2020,*
- xi) condicións que terá que soportar o arrendatario se incumpre os prazos do fraccionamento,*
- xii) Regularización da fianza legal se fose o caso e a garantía adicional que regula a cláusula novena,*



Concello de Vigo

xiii) Tendo en conta que as prórrogas automáticas están referenciadas até o remate da CONCESIÓN, hai que informar que este negocio xurídico está extinguido, polo que, debería acomodarse o prazo do contrato ás condicións que regula o artigo 10 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos,

xiv) outros extremos que o servizo impulsor do expediente (Área de Patrimonio), considere axeitados para ter un seguimento e un control máis rigoroso sobre o contrato.

e) Para incorporar ao expediente o plan de fraccionamento, é necesario:

- Se totalice a débeda pola renda fixa, apartado 5.1 da cláusula Quinta, tendo en conta a actualización segundo o IPC publicado polo INE.
- Que se cuantifique a débeda por gastos de comunidade do ano 2018, polos 9 meses.
- Verificación das rendas variables pendentes, polo que debe achegarse a contías da facturación bruta anual polos conceptos e porcentaxes que fixa a cláusula Quinta, apartado 5.2.1 do contrato e seguindo o procedemento previsto no apartado 5.2.2.
- Aclarar a mensualidade que falta en relación co primeiro ano do contrato.

Garantías do fraccionamento e dispensa.

Con carácter xeral, as débedas aprazadas ou fraccionadas, deberán garantirse cun aval solidario ou mediante certificado de seguro de caución, cunha vixencia que deberá exceder ao menos seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos, que deberá cubrir, o principal, os xuros de demora e un 25% adicional de ambas contías.

Excepcionalmente, poderá dispensarse total ou parcialmente da presentación de garantías, cando o obrigado careza de bens suficientes para garantir a débeda ou puidese afectar ao funcionamento da unidade empresarial.

Tamén operará a dispensa, cando non sexa posible obter o aval ou que a consecución do mesmo comprometa gravemente a viabilidade económica do obrigado ao pago.

En cumprimento do previsto no artigo 50 do Real Decreto 939/2005 e 42.8 da OFX, cando se solicite dispensa total ou parcial de garantía, achegarse:

a) Xustificación documental da imposibilidade de obter aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención.

b) Declaración responsable e xustificación documental manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.

c) Balance e conta de resultados dos tres últimos anos e informe de auditoría, se existe, en caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade.

d) Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o adiamento ou fraccionamento solicitado.

En relación co anterior, a débeda acumulada pola renda fixa até o 31/06/2020, ao amparo do previsto no RD-Lei 15/2020 e 35/2020, outorgaron ao arrendatario determinadas proteccións que o Concello non Resolveu, que suporía o aprazamento da débeda e con posterioridade o seu fraccionamento, sen devengo de xuros nin a obriga de constituír garantías.

Hai que matizar, que tan só quedarían suxeitas a esta prerrogativa de aprazamento e fraccionamento sen xuros e garantía, os meses de alugueiro de marzo a xuño. En canto á redución

da débeda nun 50%, polos meses que despregou os seus efectos o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro. En relación con este Real Decreto, estendeu os seus efectos dende a súa publicación no BOE de data 25/10/2020 e rematou as 00:00 horas do día 09/05/2021, polo que a redución afectaría a 6 meses.

Sobre a devandita débeda, o criterio de aplicar xuros está sustentando sobre aquela parte da mesma que o arrendatario debería ter pagado e non pagou, polo que, débese establecer o devengo de xuros para a totalidade da débeda aplicable ao período do fraccionamento, aínda que non aplicable ao período de formación da mesma, por considerar que os xuros devengados deberían estar compensados coa parte da débeda que tería a súa protección polos RD-lei 15/2020 e 35/2020.

En canto á garantía, tampouco se vai esixir, xa que a renda fixa quedaría fora, por estar exenta desta carga no RD-lei 15/2020 e RD-lei 35/2020 en parte, dispensa que se manterá para a totalidade.

En consecuencia, pola débeda acumulada até o 31 de xullo, queda sometida á aplicación dos xuros polo período de fraccionamento, non polo prazo dende a súa xeración até a devandita data, tendo amparo legal na normativa referenciada, RD-lei 15/2020 e RD-lei 35/2020.

Contías do pago mensual.

Cada mes o arrendatario terá que facer fronte aos seguintes pagos:

Pago da fracción da débeda acumulada, que será:

Débeda total (renda fixa actualizada e reducida + renda variable + gastos de comunidade + máis os xuros que se correspondan co aprazamento/24.

Débeda do mes corrente novada, segundo a contía da mensualidade actualizada.

Actuacións en caso de falta de pago en adiamentos e fraccionamentos.

En cumprimento do previsto no artigo 54 do RXR e 46 da OFX, nos fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuase o pago, produciranse os seguintes efectos:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario, iniciarase o período executivo ao día seguinte do vencemento do prazo incumplido, debendo iniciarse o procedemento de prema. Esixirase o ingreso do principal da débeda, os intereses de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario até a data do vencemento do prazo concedido e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos os conceptos.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo, deberá continuar o procedemento de prema.

No caso que nos ocupa, a solicitude do fraccionamento hai que situalo xuridicamente no período voluntario de cobro, ningunha das liquidacións foron pasadas á vía executiva nin se notificaron para o seu cobro de acordo ao artigo 62.5 da LXT, nin se expediu a providencia de prema.

Efectos sobre a tesourería

O efecto máis perverso que pode xerar unha débeda, firme, líquida e esixible é a falta de pago polo debedor, o que supón o inicio do procedemento de apremio de non facerse efectiva nos prazos que regula o artigo 62.5 da LXT, Lei 58/2003, coa inclusión da recarga de apremio do 20% e dos xuros de demora, procedemento que pode rematar no tempo, se se declara a insolvencia do debedor, coa baixa dos dereitos que o Concello ten fronte ao debedor.

Como é sabido, o artigo 281 do Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal, tipifica estes créditos como subordinados, que irían contra a



Concello de Vigo

masa activa unha vez pagados os créditos de privilexio especial e os de privilexio xeral na porcentaxe que se estableza para estes últimos.

A redución do alugueiro nunha porcentaxe do 50%, ademais da cobertura xurídica citada, está asociada á actual situación económica, que se traduce nunha limitación das actividades en na propia limitación de aforos que impón a autoridade sanitaria.

Dende unha óptica estritamente económica, se a actividade non é viable por estar limitada a mesma, non parece sostible manter a carga pola renda fixa do alugueiro, por tender a mesma a unha situación de insolvencia.

En consecuencia, aínda nunha redución da renda fixa do alugueiro, a administración vai ingresar unha parte do mesmo, ademais de ter un partícipe máis no reparto das cargas de comunidade que de non ser así, estarán ao cargo do erario público.

Neste escenario, a análise hai que facela non nunha comparación entre a situación anterior e a actual, senón entre a actual e unha declaración de insolvencia, que remataría coa perda total dos dereitos que ten acumulados o Concello e coa perda da renda futura, sen prexuízo dos gastos de subministro eléctrico e gas que pasarían a ser a cargo do Concello na súa totalidade.

En canto aos prazos nos que se manterá a redución do alugueiro, deberase aplicar o mesmo criterio que se acordou para BOREALIS HOTELS SLU, por tratarse de actividades comparables, ademais no mesmo inmovible.

Conclusiones

Tendo en conta o derrube da actividade que se produciu no ano 2020 e no primeiro semestre do ano 2021, que de acordo aos datos aportados supera o 90% da actividade do ano 2019, é aconsellable adoptar algún acordo que minimize o impacto e faga viable economicante a actividade.

Este criterio xa se adoptou con outras arrendatarias, BOREALIS HOTELS S.L.U. e HOTELES TURISTICOS. REUNIDOS, polo que, é razoable aplicar un trato similar a situacións tamén similares.

O cambio de signo da conta de Perdas e Ganancias, amosa a perda de actividade, acumulando unhas perdas no ano 2020 equivalentes aos beneficios dos 3 últimos anos.

A débeda por renda variable, non pode ser obxecto de redución.

A débeda polo reintegro dos gastos de comunidade, non debe nin pode ser obxecto de redución, por tratarse de gastos que o Concello xa adiantou e pagou, polo que se estaría a causar un quebranto a esta Administración, ademais de non estar previsto no RD-lei 35/2020.

En canto aos xuros de demora, a contía acumulada e aprazada, será obxecto de devengo de xuros, fundamentado nun principio de equilibrio, xa que a arrendataria, non ingresou contía algunha dende febreiro do ano 2020 pola renda de alugueiro fixo. Non fixo ingreso algún pola renda variable dende o ano 2018. Non ingresou os gastos de comunidade, agás as entregas a conta por unha contía de 4.000,00 euros, polo que, toda esta débeda estaría suxeita a xuros e recarga ordinaria de apremio. Fronte a esta carga, a arrendataria tería ao seu favor ao amparo do RD-lei 15/2020, o non devengo de xuros polas rendas dos meses de marzo a xuño do ano 2020 e polas rendas reducidas en aplicación do RD-lei 35/2020 e a súa prórroga até o 09/05/2021.

En relación coa garantía e a súa dispensa, queda suficientemente xustificada, co fundamento no RD-lei 15/2020, e fundamentalmente, nas causas nas que ten orixe a situación, producíndose un derrube da actividade, na que a arrendataria non foi capaz de facer fronte a un risco que non é normal, non é previsible nin foi posible evitar.

Por último, a decisión que se adopte, que ademais de ter amparo legal, non tería un impacto severo sobre a liquidez, non poría en perigo os obxectivo de pago da débeda comercial e das restantes obrigas que xorden da execución orzamentaria e de operacións non orzamentarias.”

Asemade, o xefe de Tesoureria, Orzamentos e Contabilidade, senta as bases no seu informe para acordar co alugatario un plan de pagos da débeda acumulada, cun fraccionamento desta nun período entre 24 e 36 meses, debendo o arrendatario en base a esas premisas presentar plan de fraccionamento.

Conclúe que o interese económico do Concello é manter a instalación en funcionamento, cunha renda compatible con ese obxectivo, no contexto de oportunidade económica que vai ser o que mellor represente aos intereses municipais.

III.3.- En data 19.10.2021 o sr. tesoreiro formula plan de pagos que forma parte desta proposta como anexo II.

IV. Actualización e revisión da renda

IV.- 1 Actualización da renda fixa

A renda, actualización, devengo e pago, regúlase na cláusula V do contrato. O apartado 5.1, fixa a renda inicial esixible durante o primeiro ano en 10.000,00 euros, que será actualizada cada ano en relación co índice de prezos ao consumo publicados polo INE, tomando en consideración o mes de novembro. Achégase anexo I coa relación das facturas emitidas cos importes esixidos dende a subrogación do contrato e o esixibles segundo índice de prezos ao consumo publicados polo INE

Na actualidade a **renda fixa**, tralas actualizacións pola tase de variación interanual experimentada polo I.G.N.P.C, é de 12.463,97€ mensuais IVE incluído.

O Concello non ten actualizado a renda, **actualización que se realiza neste tempo** segundo datos recolidos no Anexo I resultando o seguinte:

1º AÑO	10.000,00 €	
2º AÑO (NOV.2013-NOV-2014)	9.960,00 €	-0,40%
3º AÑO (NOV-2014 NOV 2015)	9.930,12 €	-0,30%
4º AÑO (NOV 2015 NOV 2016)	9.999,63 €	0,70%
5º AÑO (NOV 2016 NOV 2017)	10.169,00 €	1,70%

(abril 2018)

RENTA ACTUALIZADA	RENTA + IVA	DIFERENCIA A PAGAR
10.169,62 € + 2.135,62	12.305,24 €	205,24 €
MAYO		205,24 €
JUNIO		205,24 €



Concello de Vigo

JULIO	205,24 €
AGOSTO	205,24 €
SEPT	205,24 €
OCT	205,24 €
NOV	205,24 €

2018	TOTAL PAGO	PTE	1.641,92 €
-------------	-------------------	------------	-------------------

Actualización 1,70%

10.342,50 €

2019

DIC 2018

10.342,50 + IVE 2.171,93

XANEIRO

feb

marz

abril

marzo

junio

julio

agosto

sept

oct

nov

RENDA ACTUALIZADA 2019

12.514,43 €

DIFERENCIA A PAGAR

12.514,43 € (PTE. PAGO)

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

414,43 €

TOTAL PAGO	PTE	17.073,16 € €
-------------------	------------	----------------------

2019

tasa variación (0,4 %)

DIC 2019 /10.383,87

2,180,61

+

RENDA ACTUALIZADA 2020

12.564,48 €

DIFERENCIA A PAGAR

464,48 €

464,48 €

464,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

12.564,48 €

2020

TOTAL
PAGO

PTE

114.473,76 €

tasa variación (- 0,8 %)

RENTA ACTUA-
LIZADA 2021

DIC 2020/ 2.163,17	10.300,80	+	12.463,97 €	12.463,97 €
XANEIRO				12.463,97 €
FEB				12.463,97 €
MAR				12.463,97 €
ABRIL				12.463,97 €
MAYO				12.463,97 €
JUNIO				12.463,97 €
JULIO				12.463,97 €
AGOSTO				12.463,97 €
SEP				12.463,97 €
OCT				12.463,97 €
NOVIEMBRE				12.463,97 €
2021			TOTAL PTE	149.567,64 €

IV.2- Reducción da renda fixa mensual

IV.2.1.- Efectos da pandemia sobre a actividade cultural

Nos mesmos termos que no expediente tramitado de redución da renda do hotel ubicado no mesmo Complexo municipal, reproducése o párrafo III.1 sobre a excepcional crise económica e social sen parangón nos últimos cen anos, que ten paralizado certos sectores económicos, como o referido a actividades culturais, de espectáculos públicos e recreativas, cúa crudeza ten sido descrita pola propia xudicatura, véase Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020: *“nunca antes los tribunales habían tenido que afrontar las consecuencias en el ámbito contractual de una situación sanitaria tan extraordinariamente grave y con efectos tan sumamente extendidos, tan negativos y tan devastadores en la economía -singularmente en el ámbito de la hostelería y el turismo- como la que ha supuesto la pandemia mundial causada por el COVID-19, pues la mayor parte de las sentencias que se citan en el recurso y particularmente las más recientes, se refieren a situaciones derivadas de la coyuntura económica o las fluctuaciones de mercado o bien cambios legislativos que pueden considerarse habituales o al menos previsibles o dentro de la órbita de los riesgos "normales" del contrato, y que frecuentemente son alegadas por los afectados en orden a solicitar una revisión o modificación del*



Concello de Vigo

mismo,... pues desde el punto de vista de la afectación de la finalidad perseguida con el contrato y el equilibrio de las prestaciones, es difícil imaginar una situación más grave que la que nos ocupa y que se sitúa fuera del ámbito de los riesgos "normales" o previsibles del contrato."

Nun ano marcado polas consecuencias da pandemia de COVID-19, a economía nacional redúxose nun 11,1%.

IV.2.2.- Aplicación da cláusula doctrinal "rebus si stantibus"

-Unha vez acreditada a afección da crise sobre a actividade da alugueira, a liberdade de contratación e suxeición á LAU obriga a restablecer o equilibrio prestacional mantendo o carácter oneroso do negocio, conmutatividade de prestacións que a xurisprudencia do Tribunal Supremo ven recoñecendo dende hai décadas aplicando a cláusula da rebus. A aplicación desta regra acuñada no século XVI recupérase ao final da guerra civil española, no ano 1939, sendo as Sentencias do Tribunal Supremo de 14 de decembro de 1940 e 17 de maio de 1941, as primeiras dadas, novamente, ao respecto.

-A citada cláusula, próxima no seu fundamento aos arts. 7 e 1.258Cc, trata de superar as desigualdades que se poderan derivar dun exacto cumprimento dun contrato ante a alteración sobrevida da situación existente ou circunstancias concurrentes ao tempo da celebración do contrato, cando a alteración sexa tan acusada que aumente extraordinariamente a onerosidade ou custo das prestacións dunha das partes ou ben acabe frustrando o propio fin do contrato. En concreto, dita cláusula persigue o mantemento do equilibrio da economía do contrato mediante a revisión e o axuste do seu contido.

Numerosos son os Autos e Sentenzas que recollen a doutrina do reequilibrio do contrato, "rebus sic stantibus", (Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid, Auto 447/2020 de 25 de setembro, procedemento 473/2020; Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; Audiencia provincial de Almería, sección 1ª, Sentencia 183/2020 de 10 de marzo, Rec 865/2018; Audiencia Provincial de Barcelona, Sección 11ª, Sentencia 17/2020 de 6 Feb. 2020, Rec. 180/2018; Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 6ª, Sentencia 157/2020 de 15 May. 2020, Rec. 786/2019; Audiencia Provincial de Valencia, Sección 6ª, Sentencia 188/2020 de 12 May. 2020, Rec. 934/2019; Audiencia Provincial de Alicante, Sección 5ª, Sentencia 86/2020 de 18 Feb. 2020, Rec. 298/2019; Audiencia Provincial de Las Palmas, Sección 5ª, Sentencia 201/2020 de 30 Abr. 2020, Rec. 998/2018; Juzgado de Primera Instancia N.º 2 de Benidorm, Auto 162/2020 de 7 Jul. 2020, Proc. 601/2020; Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; Xulgao de Primeira Instancia e Instrucción N.º 2 de Prat de Llobregat (El), Auto 55/2020 de 15 Jul. 2020, Proc. 215/2020; Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; SSTS 822/2012 de 18 de xaneiro de 2013, 242/2014 de 11 de decembro, 333/2014 de 30 de xuño, 591/2014 de 15 de outubro, 64/2015 de 24 de febreiro, 227/2015 de 30 de abril, 447/2017 de 13 de xullo,

5/2019 de 9 de xaneiro ; 19/2019 de 15 de xaeneiro, 214/2019 de 4 de abril, 452/2019 e 455/2019 de 18 de xullo; Sentencia 156/2020 de 6 de marzo.

Como indica a STS nº 807/2012 de 27 de diciembre, a cláusula "rebus sic stantibus" ten por obxecto a revisión do acto ou negocio xurídico que ten sufrido un feito imprevisible posterior á celebración do contrato, e se refire á abundante xurisprudencia relativa á alteración extraordinaria das circunstancias que provoquen un desequilibrio exorbitante das prestacións das partes, sentencia que cita as anteriores de 20 novembro 2009 que a su vez se remite á de 25 enero 2007, literalmente: *"...analizando la aplicabilidad al caso de la cláusula "rebus sic stantibus", dice la sentencia de 23 de abril de 1991 que "la doctrina ha examinado la dificultad extraordinaria sobrevenida en el cumplimiento de la obligación al igual que lo ha hecho la jurisprudencia, al tratar de la posibilidad de construir dentro de nuestro derecho vigente, la cláusula "rebus sic stantibus" como medio de establecer equitativamente el equilibrio de las prestaciones; con cita de las sentencias de 14 de diciembre de 1940, 17 de mayo de 1941, y 5 de junio de 1945, la de 17 de mayo de 1957 establece las siguientes conclusiones en relación con la aplicación de la citada cláusula: A) Que la cláusula "rebus sic stantibus" no está legalmente reconocida; B) Que, sin embargo, dada su elaboración doctrinal y los principios de equidad a que puede servir, existe una posibilidad de que sea elaborada y admitida por los Tribunales; C) Que es una cláusula peligrosa, y, en su caso, debe admitirse cautelosamente; D) Que su admisión requiere como premisas fundamentales: a) alteración extraordinaria de las circunstancias en el momento de cumplir el contrato en relación con las concurrentes al tiempo de su celebración; b) una desproporción exorbitante, fuera de todo cálculo, entre las prestaciones de las partes contratantes que verdaderamente derrumben el contrato por aniquilación del equilibrio de las prestaciones, y c) que todo ello acontezca por la sobrevenida de circunstancias radicalmente imprevisibles; y e) en cuanto a sus efectos, hasta el presente, le ha negado los rescisorios, resolutorios o extintivos del contrato otorgándole los modificativos del mismos, encaminados a compensar el desequilibrio de las prestaciones". Tal doctrina se ha mantenido en posteriores resoluciones de esta Sala -Sentencias, entre otras, de 29 de mayo de 1996 , 10 de febrero de 1997 , 15 de noviembre de 2000 , 27 de mayo de 2002 y 21 de marzo de 2003... "*

-Debemos examinar xa que logo, se en relación co contrato de aluguer con IDEAS DE ÉXITO S.L,se cumpren as premisas de aplicabilidade da cláusula:

- alteración extraordinaria das circunstancias no momento de cumprir o contrato en relación coas concurrentes ao tempo da súa celebración: resulta notorio o carácter extraordinario e sobrevido desta crise sanitaria derivada da pandemia e a súa extensión ao ámbito económico do país. O



Concello de Vigo

carácter extraordinario do cambio de circunstancias non necesita mais acreditación, sen que se poida calificar de risco normal ou previsible sen que tampouco estea asignado a ningunha das partes contratantes.

- unha desproporción exorbitante, fora de todo cálculo, entre as prestacións das partes contratantes que verdaderamente derrumben o contrato por aniquilación do equilibrio das prestacións: a declaración do estado de alarma coas restricións en canto a suspensión de actividades e limitación da libre circulación, ten afectado sobremanera ás prestacións do contrato de aluguer, cunha redución de casi o 50 % da facturación neta do Auditorio Mar de Vigo entre os exercizos 2019 e 2020. Isto ten producido unha alteración da base do negocio ao se ter reducido de maneira moi elevada os beneficios que racionalmente se pretendían obter, o resultado do exercizo en 2019 é de 50.534,07, mentras que para na anualidade 2020 o resultado é negativo, con perdas de 71.826,43o que implica que o contrato sexa excesivamente oneroso para a alugarataria, aínda que en dicha onerosidade non teña intervido ningunha actuación culpable por parte do Concello.
- que todo isto acontezca pola sobreveniencia de circunstancias radicalmente imprevisibles: certo é que cando o Concello se subrogou no contrato, a crise do coronavirus non se atopaba dentro dos riscos normais do contrato de aluguer. Será o 31 de decembro de 2019 cando a Organización Mundial da Saúde detectou en China unha declaración da Comisión Municipal de Saúde de Wuhan para os medios de publicación publicada no seu sitio web na que se mencionan casos dunha neumonía vírica en Wuhan.
- en cuanto a seus efectos serán modificativos do contrato, encaminados a compensar o desequilibrio das prestacións, debendo a decisión ser equitativa e xusta de forma que as perdas e ganancias que se deriven do cambeo se distribúan entre as partes., as cales non teñen previsto ningún mecanismo ou réxime de distribución de riscos para feitos análogos ou similares á pandemia do COVID 2019, de xeito que a única alternativa posible para o reequilibrio das contraprestacións que se derivan do mesmo sexa a invocación desta cláusula.

A cláusula “rebus sic stantibus”, na actualidade se está a recoller de forma expresa nas codificacións nacionais e internacionais: *art. 6.2.2 dos principios UNIDROIT¹, de Dereito da Unión Europea (art. 6.111 dos Principios de Dereito Europeo da Contratación, PECL) e nacionais (art. 1213 do CC en la Proposta para*

1 <https://www.internationalcontracts.net/documentos-derecho-internacional/Principios-UNIDROIT-sobre-contratos-Comerciales-Internacionales.pdf>

*a modernización do Dereito de obrigas e contratos preparada pola Comisión Xeral de Codificación)*¹.

-Resulta clara a aplicación desta máxima ao contrato de aluguer que nos ocupa; así os tribunais (Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid , Auto 447/2020 de 25 de setembro, procedemento 473/2020) admiten a compatibilidade da doutrina co disposto no RDL 15/2020 que regula unha moratoria no aboamento das rendas debidas, en tanto que consideran que a cláusula tradicional devén ademais de doutrina, principio de dereito.

Como exemplos desta realidade podemos citar:

A Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid de Madrid sinala *"dicho Real Decreto-Ley se centra en los efectos más inmediatos de la crisis, mientras que la cláusula rebus parece tener por finalidad permitir que el negocio pueda superar el bache económico vivido y el contrato de arrendamiento pueda cumplir con la duración que se le concedió. Por mucho que el Preámbulo del Real Decreto-ley 15/2020, de 21 de abril, de medidas urgentes complementarias para apoyar la economía y el empleo, anuncie que en su articulado se prevé "una regulación específica en línea con la cláusula «rebus sic stantibus», de elaboración jurisprudencial, que permite la modulación o modificación de las obligaciones contractuales", no se comparte la interpretación de algún autor, de que las medidas previstas en dicho Decreto Ley sean las **únicas** de las que puedan beneficiarse los arrendatarios al amparo de dicha doctrina; es perfectamente factible que el arrendatario intente la aplicación de la cláusula rebus para el ajuste del contrato según las verdaderas necesidades del caso concreto, pues, en nuestro supuesto, la norma no ofrece una solución para el concreto desajuste sufrido por los arrendatarios/demandados."* No mesmo senso o XULGADO 1ª INSTANCIA N.º 20 DE BARCELONA, S 1/2021, DE 8 DE XANEIRO PROC. 444/2020 explica esta compatibilidade de forma moi prolíxa *...hay que indicar que la cláusula rebus sic stantibus no es solo una creación jurisprudencial, sino que es la plasmación de un principio general del derecho en materia de obligaciones y contratos como se constata en el hecho de estar recogida la posibilidad de modificar el contrato ante un cambio sobrevenido e imprevisible de las circunstancias en el artículo 6:111 PEDC. Por ello, como principio general de las obligaciones también es fuentes del derecho destacando que el artículo 1.4 Cc prevé que los principios generales del derecho se aplicarán en defecto de ley o costumbre, "sin perjuicio de su carácter informador del ordenamiento jurídico". Este carácter informador que se le atribuye a los principios generales del derecho hace que se tengan que tener en cuenta para interpretar la legislación, tanto la regulación del Código civil en materia de contratos como el RDLey 15/2020. Además, dicha normativa se tiene que interpretar también teniendo en cuenta los criterios de interpretación que recoge el artículo 3 Cc y que se remite al sentido propio de sus palabras "en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas"*

27. Tomando todos estos elementos en su conjunto y haciendo una interpretación finalista y conforme a los principios de buena fe y de equidad que son la base de las relaciones contractuales, entiendo que el RDL 15/2020 no impide que una parte, en

1 https://www.mjusticia.gob.es/es/AreaTematica/ActividadLegislativa/Documents/1292430960594-Propuesta_para_la_modernizacion_del_Derecho_de_obligaciones_y_contratos._Ano_2009.PDF



Concello de Vigo

este caso el arrendatario, solicite otra consecuencia jurídica distinta de la mora en el pago de la renta que establece el citado texto normativo, si entiende que con esa consecuencia no se produce el equilibrio contractual ni se restablece la base del negocio. En apoyo de esta conclusión indicaré los siguientes argumentos.

28. En primer lugar, tanto la jurisprudencia del TS que ha configurado la doctrina sobre la cláusula "rebus sic stantibus" como la legislación que la regula (ver, por ejemplo, Ley 498 de la Compilación Navarra, o el artículo 6:111 de los PEDC) no establecen una consecuencia única ante la alteración extraordinaria de las circunstancias que se tuvieron en cuenta al firmar el contrato. Todas ellas prevén como consecuencia la resolución del contrato o su modificación acudiendo a términos de equidad, equidad que no es siempre la misma en todos los contratos con independencia de que el hecho que permita la aplicación de la cláusula pueda ser el mismo como sería en este caso la pandemia del Coronavirus. El RD Ley 15/2020 regula una consecuencia que entiende que es idónea para evitar ciertas dificultades económicas de los contratantes, en especial del arrendatario, pero si se hace una interpretación sistemática con la regulación y jurisprudencia que permite aplicar la cláusula rebus sic stantibus, hay que entender que no excluye que se pueda aplicar otra consecuencia conforme a los principios que inspiran la cláusula rebus sic stantibus dado que es la única forma de garantizar los principios de buena fe, de equidad y de conmutabilidad de las prestaciones.

29. En segundo lugar por la propia dicción y finalidad del RDL 15/2020 se constata que la intención del legislador no es eliminar la posibilidad de dar otra solución a la situación creada por la pandemia. Si se lee la Exposición de Motivos que es un elemento esencial para interpretar la voluntad del legislador, hace referencia en su apartado II a "medidas para reducir los costes operativos de pymes y autónomos". De ahí se deduce que su finalidad no se busca el reequilibrio contractual que es la finalidad de la rebus, sino reducir los costes que tienen que asumir los empresarios. También es relevante que en este apartado de la Exposición de Motivos se hace referencia a la normativa que se podía aplicar como es la LAU y el Cc y considera que no es suficiente para reducir el riesgo de incapacidad financiera de autónomos y pymes para hacer frente al cumplimiento total o parcial de sus obligaciones, entre ellas, el pago de la renta de locales. Por tanto, no excluye la aplicación de estas normas, sino que establece una solución más diciendo de manera expresa en dicha Exposición de Motivos que:

"Ante esta situación, procede prever una regulación específica en línea con la cláusula «rebus sic stantibus», de elaboración jurisprudencial, que permite la modulación o modificación de las obligaciones contractuales si concurren los requisitos exigidos: imprevisibilidad e inevitabilidad del riesgo derivado, excesiva onerosidad de la prestación debida y buena fe contractual". (subrayado propio)

30. Como se observa de esa dicción lo que hace el legislador es establecer una solución más "en línea con la cláusula rebus sic stantibus", sin que en ningún momento manifieste que esa es la única consecuencia que se puede atribuir a esta situación, sino que es una más inspirada en dicha cláusula.

31. En tercer lugar porque hay otras normas que permiten aplicar la cláusula rebus sic stantibus y conferir al arrendador una consecuencia diferente a la de moratoria

en el plazo por un máximo de cuatro meses. En este sentido se puede citar la Ley 498 de la Compilación Navarra o el Decreto-Ley 34/2020, de 20 de octubre de medidas urgentes de apoyo a la actividad económica desarrollada en locales de negocio arrendados elaborada por la Generalitat de Catalunya. Esta última norma también en su Exposición de Motivos hace referencia a la excesiva onerosidad de algunas de las prestaciones, al carácter imprevisible e inevitable del riesgo de donde deriva y a la necesidad de restablecer el equilibrio contractual para aplicar "con fundamento en la cláusula rebus sic stantibus" unas consecuencias de rebaja de la renta ligada a determinadas circunstancias que se enumeran en el artículo segundo si no se llega a un acuerdo entre las partes.

32. En base a todo lo manifestado, la interpretación más adecuada de dicho RD Ley 15/2020 es que las consecuencias que fija no son excluyentes de otras modificaciones, sino que es una alteración del contrato que se puede aplicar por mor de la cláusula rebus sic stantibus. No obstante no impide que atendiendo a las circunstancias del caso se puede solicitar otra consecuencia diferente, como realiza el actor, en aplicación de la citada cláusula. La medida de establecer una moratoria en el contrato puede ser suficiente en determinados contratos para conseguir el equilibrio en las prestaciones pero puede no serlo en otros, más cuando se trata del arrendamiento para realizar una actividad que se ve frecuentemente sometida a diferentes regulaciones que aumentan o disminuyen las restricciones para su ejercicio y que, seguramente, seguirá sufriendo restricciones hasta que se acabe con esta situación, lo que puede dificultar que la renta se pueda abonar en el periodo de moratorio fijado por dicha normativa.

33. Por todo ello, considero que la promulgación del RD Ley 15/2020 no impide acudir a la cláusula rebus sic stantibus como complemento del ordenamiento jurídico en aras a solicitar una medida que restablezca la equidad en el contrato si se considera que la moratoria que prevé dicha normativa no lo hace de una manera adecuada en el contrato en concreto de que se trate..."

Recentemente, a Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020 admite también esa compatibilidad de medidas: "...y en este sentido cabe citar el Real Decreto Ley 15/2020 de 21 de abril, de medidas urgentes complementarias para apoyar la economía y el empleo -que incluso se refiere a la cláusula rebus sic stantibus en su preámbulo-, norma legal que ha sido además complementada y ampliada por el Real Decreto-Ley 35/2020, de 22 de diciembre, de medidas urgentes de apoyo al sector turístico, la hostelería y el comercio y en materia tributaria, si bien procede en todo caso aclarar que las anteriores disposiciones legales constituyen una regulación de mínimos a falta de pacto, y que el mero hecho de que no concurren en la entidad demandante los requisitos exigidos por el legislador para la adopción de las medidas que dichas normas prevén -o incluso si concurren-, no significa que no se puedan solicitar medidas análogas en vía jurisdiccional a fin de que se valore si se dan los requisitos necesarios para la modificación contractual en aplicación de la doctrina jurisprudencial sobre la rebus sic stantibus...."

E o recente Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020, **opta pola mesma solución de conciliación**...Pero es que además existe otro dato que en sentido contrario avala el juicio provisional indiciario favorable respecto de la pretensión que pretende ejercitar la actora cual es



Concello de Vigo

que la virtualidad de la cláusula "rebus sic stantibus" ha trascendido el ámbito jurisprudencial, hasta el punto que, incluso el legislador permite aplicar medidas similares como moratorias a las PYMES en dificultades económicas como consecuencia de los devastadores efectos del COVID-19; y en este sentido cabe citar el Real Decreto Ley 15/2020 de 21 de abril, de medidas urgentes complementarias para apoyar la economía y el empleo -que incluso se refiere a la cláusula rebus sic stantibus en su preámbulo-, norma legal que ha sido además complementada y ampliada por el Real Decreto-Ley 35/2020, de 22 de diciembre, de medidas urgentes de apoyo al sector turístico, la hostelería y el comercio y en materia tributaria, si bien procede en todo caso aclarar que las anteriores disposiciones legales constituyen una regulación de mínimos a falta de pacto, y que el mero hecho de que no concurren en la entidad demandante los requisitos exigidos por el legislador para la adopción de las medidas que dichas normas prevén -o incluso si concurren-, no significa que no se puedan solicitar medidas análogas en vía jurisdiccional a fin de que se valore si se dan los requisitos necesarios para la modificación contractual en aplicación de la doctrina jurisprudencial sobre la rebus sic stantibus..."

IV.2.3.- Renda fixa axustada ás consecuencias económicas da pandemia

-Nos procedementos xudiciais consultados, Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid , Auto 447/2020 de 25 de setembro, procedemento 473/2020; Audiencia provincial de Almería, sección 1ª, Sentencia 183/2020 de 10 de marzo, Rec 865/2018; Xulgado de Primeira instancia n.º 2 de Benidorm, Auto 162/2020, de 7 de xullo, proc.601/2020 , ante a necesidade de conseguir o xusto equilibrio do contrato de aluguer, os maxistrados optan por unha diminución da renda nun 50% tomando como referencia a última factura antes da pandemia. Xustifican esta porcentaxe en que o alugatario ten que asumir unha proporción máis elevada de perdas porque quen asina un contrato de aluguer para explotar unha industria como é o alugamento de piso turístico, por exemplo, faino coma empresario e sen ganancias fixas, estando sometido aos vaivéns do sector e a unhas eventuais perdas, sendo o 50% da renda unha porcentaxe apropiada considerando tódolos gastos que debe asumir a empresa hoteleira.

-Esta redución da renda de alugamento nun 50% , sen prexuízo de que se poidan acadar outros acordos entre as partes, é pola que opta o Real Decreto-ley 35/2020, de 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, hostelería e comercio e en materia tributaria, cúa Exposición de motivos sinala que o seu obxectivo é aliviar a situación de empresas e autónomos, especialmente os relacionados coa actividade turística, hoteleira e comercial, para permitir que poidan manter a súa viabilidade e non se vexan irremediabilmente abocados ao peche como consecuencia da pandemia.

A maior abastanza, **a aplicacion retroactiva para a anualidade marzo 2020-marzo 2021**, xustifícase no disposto no artigo 39.3 da Lei 9/2015, do 1 de

